

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Ramón Menéndez Pidal

CURSO: 3º ESO

MATERIA: Cultura CLásica

DEPARTAMENTO: Latín

DATA: 12/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe	Criterios de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sitúa nun mapa os lugares e rexións de Grecia e Roma mais relevantes.</li> <li>▪ Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente.</li> <li>▪ Observa, interpreta e describe o calendario romano</li> <li>▪ Investiga sobre as guerras médicas e a guerra de Troia</li> <li>▪ Explica a fundación de Roma e a historia de Rómulo e Remo.</li> <li>▪ Identifica as principais características das divinidades grecorromanas na súa denominación grega e latina: Afrodita, Apolo, Atenea, Poseidón</li> <li>▪ Relata os principais mitos grecorromanos: Deméter e Perséfone, Zeus, o Xuízo de Paris, Apolo e Dafne, Aracne... e identifica referencias mitolóxicas nas artes plásticas.</li> <li>▪ Identifica e describe elementos da arte funeraria.</li> <li>▪ Elabora un cadro comparativo das ordes dórica, iónica e corintia.</li> <li>▪ Investiga sobre os templos que había na acrópolis de Atenas.</li> <li>▪ Establece comparacións entre a arquitectura grega e a romana.</li> <li>▪ Describe edificios romanos e gregos significativos.</li> <li>▪ Explica características xerais das formas de educación na Antigüidade.</li> <li>▪ Explica os rituais do nacemento e a imposición do nome na sociedade grecorromana.</li> <li>▪ Describe aspectos xerais do nacemento e a infancia en Esparta.</li> <li>▪ Explica características, rituais, e aspectos fundamentais do matrimonio en Grecia e Roma establecendo comparacións entre eles.</li> <li>▪ Explica a situación e a vida diaria da muller e do home en Roma e en Grecia.</li> <li>▪ Explica a organización da sociedade e a política romana.</li> <li>▪ Describe e compara o equipamento militar grego co romano.</li> <li>▪ Distingue e explica os diferentes trazos que permiten clasificar os sistemas de escritura, tendo en conta a súa evolución co paso do tempo.</li> <li>▪ Describe e identifica o alfabeto grego e explica a súa orixe e a repercusión cultural.</li> <li>▪ Identifica e sinala nun mapa linguas romances.</li> <li>▪ Explica o significado de palabras, a partir da súa análise etimolóxico.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Le e comenta críticamente textos das obras mais relevantes da cultura grecolatina.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar e describir a grandes trazos o marco xeográfico e histórico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e de Roma no momento do seu apoxeo.</li> <li>▪ Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> <li>▪ Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos.</li> <li>▪ Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> <li>▪ Coñecer as características fundamentais da arte clásica</li> <li>▪ Identificar as características máis salientables da arquitectura e escultura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> <li>▪ Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.</li> <li>▪ Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.</li> <li>▪ Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.</li> <li>▪ Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.</li> <li>▪ Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura.</li> <li>▪ Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.</li> <li>▪ Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.</li> <li>▪ Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.</li> <li>▪ Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.</li> <li>▪ Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.</li> <li>▪ Coñecer a pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais.</li> <li>▪ Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.</li> <li>▪ Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>



<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responder a cuestións do libro de texto ou sobre materias entregados na aula</li> <li>▪ Comentar textos e vídeos sobre o tema</li> <li>▪ Expoñer de xeito oral ou escrito temas relevantes para a materia</li> </ul>
	<b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Colaboración e traballo en grupo e individual; utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc).</li> <li>▪ Analizar as producións dos alumnos: actividades e comentarios de vídeos e textos.</li> <li>▪ Realizar probas específicas: resolución das actividades propostas e de exposición orais ou escritas.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A cualificación final é a nota media da 1ª e a 2ª avaliación.</li> <li>▪ Esta cualificación poderá verse incrementada ata 1 punto polo traballo realizado durante este 3º trimestre. Tamén permitirá a recuperación da materia ou, de ser necesario pediráselle ao alumnado actividades específicas de recuperación.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización dun traballo consistente en contestar cuestións do libro de texto e/ou reflexionar sobre algún dos temas tratados.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b>
	<b>Criterios de cualificación:</b>
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Recuperación, repaso e ampliación
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Ler o tema no libro de texto e contestar as cuestións.</li><li>▪ Uso da aula virtual e o correo electrónico</li><li>▪ Visionar e comentar vídeos ou textos</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Libro de texto, vídeos, aula virtual.</li></ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Páxina web do centro</li> <li>▪ Aula virtual</li> <li>▪ Correo electrónico</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro, correos electrónicos e/ou comunicación telefónica.